



Cenlle

Edicto

Logo de solicitar Coviastec, SL (antes Construcións Benigno Álvarez, SL) a cancelación dos avais constituídos como garantía definitiva para responder da execución dos contratos de obras de “Acondicionamento de camiños no Concello de Cenlle” e “Acondicionamento de varias infraestruturas de uso público no Concello de Cenlle”, expónse ao público o expediente polo prazo de 20 días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no BOP, para os efectos de reclamacións.

Cenlle, 28 de abril de 2017. O alcalde.

Edicto

Habiendo solicitado Coviastec, SL (antes Construcciones Benigno Álvarez, SL) la cancelación de los avales constituidos como garantía definitiva para responder de la ejecución de los contratos de obras de “Acondicionamiento de caminos no Concello de Cenlle” y “Acondicionamento de varias infraestructuras de uso público no Concello de Cenlle”, se expone al público el expediente por el plazo de 20 días hábiles, contados a partir de la publicación de este edicto en el BOP, para los efectos de reclamaciones.

Cenlle, 28 de abril de 2017. El alcalde.

R. 1.317

Chandrexa de Queixa

Anuncio

Convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal baixo a modalidade de obra ou servizo determinado para os seguintes postos de traballo:

- Un peón de servizos múltiples no Concello de Chandrexa de Queixa.

- Un palista de pala retroexcavadora no Concello de Chandrexa de Queixa.

O Concello de Chandrexa de Queixa abre o prazo de presentación das instancias para a participación no proceso de selección por concurso de méritos que será de cinco (5) días hábiles a computar a partires do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados poderán consultar as bases de selección nas Oficinas municipais en horario de 9.00 a 14.30 horas e na páxina web do Concello: www.chandrexadequeixa.es/index.php/gl/.

Chandrexa de Queixa, 28 de abril de 2017. O alcalde.

Asdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

Anuncio

Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal bajo la modalidad de obra o servicio determinado para los siguientes puestos de trabajo:

- Un peón de servicios múltiples en el Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa.

- Un palista de pala retroexcavadora en el Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa.

El Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa abre el plazo de presentación de instancias para la participación en el proceso de selección por concurso de méritos que será de cinco (5) días hábiles a contar a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Los interesados podrán consultar las bases de selección en la Oficinas municipa-

les en horario de 9.00 a 14.30 horas y en la página web del Ayuntamiento: www.chandrexadequeixa.es/index.php/gl/.

Chandrexa de Queixa, 28 de abril de 2017. El alcalde.

Fdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

R. 1.304

Monterrei

Anuncio

Para cumprir co disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, publícase o Convenio de colaboración marco para a xestión compartida do obradoiro de emprego Támega IV, asinado entre os Concellos de Monterrei, Oímbra, Laza, Cualedro, Castrelo e Vilardevós.

“Convenio de colaboración marco para a xestión compartida do obradoiro de emprego “Támega IV”, entre os Concellos de Monterrei, Oímbra, Laza, Cualedro, Castrelo do Val e Vilardevós

Monterrei, 30 de marzo de 2017

Unha vez reunidos os alcaldes dos seguintes Concellos:

José Luis Suárez Martínez, alcalde do Concello de Monterrei, Ana María Villarino Pardo, alcaldesa do Concello de Oímbra, José Ramón Barreal Novo, alcalde do Concello de Laza, Luciano Rivero Cuquejo, alcalde do Concello de Cualedro, Vicente Gómez García, alcalde do Concello de Castrelo do Val e Manuel Cardoso Pérez, alcalde do Concello de Vilardevós, todos en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA), actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e, para o efecto, expoñen:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) no seu artigo 25, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 11.3.b) da Lei 40/2015 regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica, que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos